

MAIOS 2021

INFANTIL. Aquí estamos os pequenos
imos todos a cantar
para celebrar os maíos
que ben o imos pasar.

1º Chegou o coronavirus
A todos nos cae mal
Porque hai moitos contaxios
A cousa pinta fatal

2º Transformando á natureza
Moi ben ímolo pasar
Co fiuncho e co pampullo
Este maio imos montar

3ºA Este maio tan bonito
Imos todos celebrar
Con laranxas e máis ovos
Mira que ben vai quedar

3ºB Comezamos a pandemia
con moita preocupación
seguimos coa mascarilla
isto cansa un montón

4ºA Este ano o noso maio
 Moi bonito vai a ser
 Construímolos moi altos
 Dende Vigo vaise ver

4ºB Na clase de cuarto b
 imos todos celebrar
 a festa dos nosos maíos
 e coa máscara cantar

5ºA	Este maio este ano Diferente vai a ser Porque co coronavirus Poucos maíos van facer	Eu non sei se o Benito a coca vai a sacar vai depender do concello se se pode celebrar.
-----	--	--

5ºB	Este curso un pouco raro Temos que levar bozal Xa podían os da xunta Por un tema en Edixgal.	Este ano co bechiño nada podemos facer agardamos sentadiños e a vacina imos poñer.
-----	---	---

6º	Este ano distanciados Non podemos abrazar Nin biquiños nin historias Isto tense que acabar	Nesta festa deste maio algo temos que facer con fiuncho e moitas flores todos imos a coser.
----	---	--